



Informe de legalidade sobre o proxecto de orde pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Esta Secretaría Xeral Técnica, de conformidade co disposto no artigo 43.2 da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público de Galicia, en relación co proxecto de orde pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, emite o seguinte

INFORME

1. Marco normativo e competencial

O artigo 31 do Estatuto de Autonomía de Galicia, establece a competencia plena da Comunidade Autónoma galega para a regulación e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias, sen prexuízo do disposto no artigo 27 da Constitución e nas leis orgánicas que, conforme ao apartado primeiro do seu artigo 81 o desenvolvan, das facultades que lle atribúe ao Estado o número 30 do apartado 1 do artigo 149 da Constitución, e da alta inspección necesaria para o seu cumprimento e garantía.

O Decreto 198/2020, do 20 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade dispón no seu artigo 1 que lle corresponden a esta consellería, entre outras competencias e funcións, a planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis, graos, modalidades e especialidades, e a coordinación do sistema universitario, de conformidade co establecido na Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, pola que se aproba o Estatuto de autonomía de Galicia, nas leis orgánicas reguladoras do sistema educativo español e demais normativa de aplicación.

O Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia, coa creación dos departamentos de orientación nos centros docentes e os equipos de orientación específicos territoriais, garante que a orientación educativa e profesional forme parte esencial da actividade educativa, establecendo un asesoramento permanente a alumnado, profesorado e familias, entendendo a orientación como unha actuación profesional destinada a toda a comunidade educativa. Esta orientación, que debe facilitarse desde as primeiras idades do alumnado, ten que contribuír, igualmente, ao desenvolvemento persoal e profesional do profesorado e ao establecemento de





redes de colaboración entre este e as distintas familias, tamén coas entidades sen ánimo de lucro que participan na atención de determinado alumnado, promovendo auténticas comunidades de aprendizaxe.

Pola súa parte o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece que a diversidade é unha realidade social, e, polo tanto, unha realidade en cada centro docente, en cada comunidade educativa. E a resposta educativa a esa diversidade debe concretarse en cada un dos proxectos educativos, en cada unha das ensinanzas, na coordinación docente, na atención a cada unha das alumnas e dos alumnos, na oferta de recursos e medidas educativas, nos compromisos familiares e sociais e en todo o que contribúa ao máximo desenvolvemento persoal e social do alumnado e á súa preparación para convivir e participar, de forma autónoma, nunha sociedade democrática.

Este mesmo decreto dispón que por atención á diversidade no sistema educativo hai que entender o conxunto de medidas e accións deseñadas coa finalidade de adecuar a resposta educativa ás diferentes características, potencialidades, ritmos e preferencias de aprendizaxe, motivacións e intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

Tamén se establecen nese decreto os principios xerais que, en sintonía cos principios e fins da educación que, segundo a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, inspiran e orientan o noso sistema educativo, e que contribuirán a que esa diversidade represente todo un valor e un enriquecemento para o conxunto da sociedade.

2. Necesidade e oportunidade

A experiencia acumulada polos anos de funcionamento dos servizos de orientación educativa e profesional, a existencia de distintas disposicións normativas destinadas ao axuste da atención educativa a determinado alumnado e a necesidade de desenvolver o disposto no citado Decreto 229/2011, do 7 de decembro, aconsellan ditar unha nova disposición que manteña as fortalezas da normativa existente, que se derroga, adapte ao momento actual os aspectos que o requiran e articule todo o que se estime necesario para garantir a igualdade e a calidade educativa para a totalidade do alumnado, nun sistema educativo equitativo e accesible para todas e para todos.

De acordo co expresado, entendendo que todas as medidas de atención á diversidade deberán estar presididas polo que represente un maior beneficio para cada alumna e cada alumno, polo seu interese superior, como se establece no artigo 3.1. da Convención sobre os dereitos do neno, adoptada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas o 20 de novembro de 1989, esta orde trata de contribuír, en colaboración coas familias e co conxunto da sociedade, a facer efectiva a equidade, facilitar o éxito escolar da totalidade do alumnado e promover a formación, a





cualificación e a aprendizaxe ao longo da vida. E para iso, enténdese necesario facer realidade a prevención, a flexibilidade, a compensación, a coordinación, a colaboración, o control, a comunicación, o seguimento e a avaliación. Pero tamén é preciso entender o currículo nun sentido amplo, véndoo como todo o que un centro docente pon a disposición do alumnado para que aprenda; non só limitalo aos obxectivos, competencias, contidos, métodos pedagóxicos, criterios de avaliación e, de ser o caso, resultados de aprendizaxe, sendo iso necesario.

Neste marco educativo, o deseño universal para a aprendizaxe (DUA) ten en como finalidade lograr a inclusión efectiva de todo o alumnado, con independencia da súa diversidade. Asegura que o currículo sexa planificado e posto en práctica de tal forma que non supoña impedimento ou barreira para as persoas no desenvolvemento das súas competencias.

A Axenda 2030 para o desenvolvemento sostible sinala que o seu obxectivo 4 é: “Garantir unha educación inclusiva equitativa e de calidade e de promover oportunidades de aprendizaxe durante toda a vida”.

A competencia que os centros docentes teñen para deseñar e desenvolver un proxecto educativo propio ten que facerse realidade na adaptación desa institución ao seu alumnado e ao seu contorno, na equitativa distribución dos recursos e nun estilo pedagóxico propio, entre outras cousas. E ese estilo pedagóxico debe apoiarse nunha liña metodolóxica que considere:

- A cultura da diversidade
- A cultura da inclusión
- A cultura da coordinación
- A cultura da participación
- A cultura da colaboración
- A cultura tecnolóxica
- A cultura da innovación
- A cultura da avaliación
- A cultura da relación co contorno e coas diferentes institucións
- A cultura da recuperación

Polo exposto, esta orde ten por obxecto o desenvolvemento do citado Decreto 229/2011, do 7 de decembro.

3. Tramitación

Polo que respecta á instrución na elaboración do proxecto, esta acomodouse ao procedemento legal e ás prescricións contidas nos artigos 40 a 44 da LOFAXGA.

Así, o centro directivo impulsor remitiu á Secretaría Xeral Técnica o borrador da disposición acompañado dos seguintes documentos:

- Unha memoria xustificativa sobre a súa legalidade, acerto e oportunidade





- Unha memoria económico- financeira
- Unha táboa de vixencias

Consta no expediente o acordo de inicio do procedemento de elaboración do proxecto de orde asinado polo titular da consellería o 5 de marzo de 2021.

Unha vez recibida a documentación e logo do seu estudo, o Servizo Técnico Xurídico elaborou o preceptivo informe con data 18 de maio de 2021.

O texto foi aprobado inicialmente como proxecto polo conselleiro con data 24 de maio de 2021.

O proxecto expúxose publicamente no portal de Transparencia e Goberno aberto durante o período comprendido entre o 26/05/2021 e o 15/06/2021, en cumprimento do disposto no artigo 9 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, recibíndose dúas suxestións.

Na tramitación do proxecto e ao abeiro do disposto no artigo 42 da LOFAXGA, solicitáronse informes á Secretaría Xeral de Igualdade, á Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos e á Asesoría Xurídica. Así mesmo remitiuse o proxecto a todas as consellerías da Xunta de Galicia.

A Secretaría Xeral da Igualdade emitiu o informe de impacto de xénero con data 4 de xuño de 2021, e a Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos emitiu informe favorable con data 19 de agosto de 2021.

Finalmente, o día 30 de agosto de 2021 a Asesoría Xurídica informou o proxecto de orde.

4. Legalidade.

En cumprimento do disposto no artigo 43.4 da LOFAXGA, o proxecto someterase á aprobación do titular da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

De acordo co indicado, considérase que este proxecto de orde reúne as condicións esenciais para a súa aplicación e efectividade e se axusta á legalidade vixente, polo que se informa favorablemente.

Santiago de Compostela, data da súa sinatura dixital

Manuel Vila López
Secretario xeral técnico

